

**ACTA DA ASEMBLEA DE BARRIO DE SAN XURXO
DO DÍA 19 DE MAIO DE 2016**

No local da Asociación de Veciños de San Xurxo, situado no lugar de Río da Ponte-Prados s/n, Ferrol, sendo as 17:20 horas, celebrouse a Asemblea de Barrio de San Xurxo cos seguintes asistentes:

Polo Goberno municipal:	José Álvaro Montes Celeiro, concelleiro delegado da área de Participación, Novas Tecnoloxías e Normalización Lingüística		
Traballador/a municipal:	Jorge Juan Pena Piñeiro, xefe do Negociado de Participación e Comunicación.		
Asistencia técnica:	Andrea Rico Adegas da empresa Rexenerando S. Coop. Galega		
Nº total de veciños e veciñas asistentes do barrio:	6	Nº de homes:	1
		Nº de mulleres:	5

Desenvolvemento da sesión:

Alvaro Montes, Concelleiro de Participación dá a benvida ás persoas asistentes a esta asemblea, cedéndolle a palabra a Andrea Rico da empresa Rexenerando S.Coop. Galega.

En primeiro lugar procedese a escoller os representantes de San Xurxo tanto para as vicepresidencias da Asemblea de Barrio como para o Consello da Veciñanza. Non se presentaron candidaturas previas á celebración da Asemblea, resultando propostos neste acto co apoio da unanimidade dos/as asistentes/as as seguintes persoas:

VICEPRESIDENCIAS ASEMBLEA DE BARRIO	
A título inividual	Isabel Díaz Romero
En representación de entidades	Manuel Varela Gómez (AVV San Xurxo)

REPRESENTANTES NO CONSELLO DA VECIÑANZA
Marina Santiago Basoa
María Raquel Varela Gómez

A continuación presentase á asemblea un borrador de regulamento interno de funcionamento da mesma co obxecto de que se debata e estude por parte dos asistentes para formular todas as

achegas que estimen oportunas, polo que este documento queda pendente da súa aprobación ata a vindeira asemblea de barrio.

Por último iniciase un debate entre todos os asistentes para recoller aqueles temas de tipo xeral que preocupan nestes momentos aos veciños e veciñas de San Xurxo e que a modo de resumo son os seguintes:

- Fomentar o turismo.
- Preparar un terreo da Comunidade de Montes para autocaravanas e quitalas do aparcadoiro da praia.
- Carteis informativos das praias que fagan referencia á parroquia de San Xurxo. A praia denomínase de Doniños pero está na parroquia de San Xurxo (a praia propia de Doniños é Penencia).
- Beirarrúas.
- Revisión da toponimia (por exemplo do termo Vila da Eirexa).
- Amplicación do carril bici. (Falar coa Comunidade de Montes).
- Colocación de varandillas pendentes nas beirarrúas da estrada xeral.
- Control dos problemas cos gatos no parque infantil ao lado do local da Asociación de Veciños.

Agradecendo a presenza dos asistentes, dáse por rematada a sesión ás 18:40 horas.

O concelleiro delegado da área de
Participación, Novas Tecnoloxías
e Normalización Lingüística

O traballador municipal

Asdo. José Álvaro Montes Celeiro

Asdo.: Jorge Juan Pena Piñeiro